



# Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041  
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)  
Tf. 986527080 - Fax 986528700  
e-mail : concello@ailladearousa.es

D. Daniel Angel Lamas Bello, Secretario do Concello de A Illa de Arousa (Pontevedra)

## CERTIFICO

Que a Xunta de Goberno Local deste Concello, en sesión celebrada en data 13 de agosto de 2018, adoptou entre outros o acordo que transcrito literalmente di:

### **“4.- INFORMES DE SERVICIOS.**

**4.2.-** Dáse conta do expediente relativo ó investimento denominado “PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DE GRADÍN”, por importe de 48.598,44 euros e se informa que o expediente de adxudicación iniciouse por providencia de Alcaldía de data 03 de agosto de 2018 e que se pretende a súa adxudicación por procedemento aberto simplificado sumario, de acordo co disposto no artigo 159.6 da Lei 9/2017, de 09 de novembro, de Contratos do Sector Público. Engade que se acompaña proxecto técnico redactado pola Arquitecta Municipal, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 25 de xaneiro de 2018, resolución de excepción da presentación electrónica de ofertas, memoria xustificativa da necesidade do investimento e informe de Secretaría-Intervención en relación co procedemento a seguir e existencia de consignación orzamentaria no vixente orzamento municipal. Finalmente, que o investimento será financiado con aportación da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, dentro do plan de mellora de camiños municipais 2018-2019, segundo Resolución do director xeral de Agader de 25 de maio de 2018, por importe de 40.164,00 euros, existindo consignación na partida 153.61901 do vixente orzamento de gastos.

Procedéndose á votación, acórdase por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno:

- 1.- A aprobación do expediente de contratación da obra de “PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DE GRADÍN”, cun valor estimado de 40.164,00 euros e IVE por importe de 8.434,44 euros, cun total de 48.598,44 euros.
- 2.- A aprobación do inicio do expediente de contratación por procedemento aberto simplificado sumario, dispoñendo a publicación no perfil do contratante do anuncio licitación, cun prazo de presentación de ofertas de dez días hábiles a contar desde o seguinte o da inserción do correspondente anuncio de licitación, presentación que será de xeito presencial, polo que se excepciona a presentación en formato electrónico.
- 3.- A aprobación do pliego de cláusulas administrativas particulares que a de rexer a execución do contrato.
- 4.- A designación de Dna. Pastora Parada Portas como Directora de Obra e responsable da prestación dos servizos de dirección, inspección, coordinación, supervisión e control de calidade da obra.
- 5.- A aprobación dun gasto por importe de 48.598,44 euros, aplicando o mesmo á partida 153.61901 do vixente orzamento de gastos.””

Para que así conste, ós efectos oportunos, expido o presente por orde e co visto e prace do Sr. Alcalde-Presidente e ca salvedade do artigo 206 do ROF, na Illa de Arousa.

Vº e Prace  
ALCALDE-PRESIDENTE

O SECRETARIO

Asdo. Carlos Iglesias Cores

Asdo. Daniel Angel Lamas Bello